

COMUNICADO DE PRENSA | 9 decembro 2021

## COMITÉ GALEGO DE TRANSPORTE (DEPARTAMENTO MERCADORÍAS)

- **Nun exercicio de supervencia mesma do sector, por un transporte rendible e digno, todas as federacións e asociacións galegas de transportistas secundamos o Paro xeral de transporte convocado a nivel estatal para os días 20, 21 e 22 de decembro.**

Para o Departamento de Mercadorías do Comité Galego de Transporte, un dos obxectivos prioritarios da totalidade das federacións que o integramos (FEGATRAMER, FETRAM e FEGATRANS-APETAMCOR) é **poñer un valor un sector que consideramos esencial** para o bo funcionamento da economía e o abastecemento da poboación, así como lograr que o Executivo, os nosos clientes cargadores e a sociedade en xeral tomen conciencia do papel que xogan as empresas e os profesionais do transporte no noso día a día.

É certo que durante a pandemia foron moitas persoas as que se deron conta da importancia do labor que realizan os transportistas, posto que a súa actividade permitiu que a subministración de produtos de alimentación, material sanitario ou medicamentos estivera garantido nas semanas máis duras do confinamento, malia as durísimas condicións nas que se tivo que traballar. Aínda así, en moitas ocasións **o transporte aínda segue a ser o grande esquecido**, tendo en conta que o 85% das mercadorías móvense por estrada e camión, e que o sector en Galicia componse de 6.900 empresas que supoñen o 4,3% do PIB, xerando de modo directo máis de 26.000 empregos.

Por unanimidade, todas as federacións e asociacións de transportistas que compoñemos este Comité Galego de Transporte, reunidas no día de hoxe en Santiago de Compostela, mediante este comunicado facemos público que **SECUNDAMOS O PARO CONVOCADO NO SECTOR DO TRANSPORTE EN ESPAÑA DO 20 AO 22 DE DECEMBRO PORQUE ESTÁ EN XOGO A SUPERVIVENCIA DO SECTOR**. Ao borde da ruína e colapso tras termos que traballar nos últimos meses en moitos casos a perdas e nunhas condicións indignas sometidos aos abusos de cargadores e da cadea loxística no seu conxunto, entendemos que esta é a única alternativa que nos deixou o Goberno tras innumerables intentos durante meses de chegar a un acordo que resposte ás nosas lexítimas reivindicacións.

Neste contexto, compartimos unha serie de **reclamacións máis urxentes** para lograr a permanencia das empresas do sector, e por ende a recuperación da economía, demandas

todas estas que vimos solicitando ao longo destes últimos meses sen encontrar unha resposta eficaz por parte do Goberno, nin tampouco dos nosos clientes cargadores, entre as que destacan fundamentalmente as seguintes:

- **Prohibición** da participación do condutor nas operacións de **carga e descarga** da mercadoría.
- Aplicación obrigatoria e efectiva da **cláusula de revisión do prezo segundo a variación do gasóleo**.
- **Redución dos tempos de espera** (paralización) e compensación obrigatoria.
- Mantemento do **gasóleo profesional** e redución, de tres meses a un, do seu prazo de devolución.
- **Non aplicación da Euroviñeta** ou taxa por uso das infraestruturas.
- **Devolución** dos importes atrasados de **céntimo sanitario** (aprox. 200 millóns de euros).
- **Non aprobación de incrementos nos pesos e dimensións** máximas dos vehículos de transporte.
- Acometer a necesaria **harmonización fiscal** do sector do transporte.
- Redución das cotizacións á Seguridade Social dos condutores en concepto de accidentes, adaptándoa ao índice de sinistralidade.

Grazas ao traballo e esforzo das empresas transportistas e os seus profesionais, o funcionamento das cadeas de subministración e a actividade do resto de sectores está garantida, así como o benestar da cidadanía. É hora de que se valore ao sector como realmente merece e que o Goberno procure solucións reais que eviten a destrución deste sector esencial. Por tanto, ata que isto aconteza, o sector do transporte manterá esta convocatoria de paro patronal en forma de cesamento da actividade.

Por outra banda, esiximos aos nosos clientes cargadores que, se desexan garantir unha mínima calidade nos servizos de transporte por estrada que contratan, asuman a necesidade de actualizar os prezos en función dos extraordinarios incrementos dos custos de transporte dos últimos meses, especialmente dos combustibles, que están conducindo ás empresas de transporte a traballar a perdas e, se esta dinámica continúa, veranse na obriga de reducir a súa actividade ou mesmo parar totalmente.

Por último, desde o Comité Galego de Transporte queremos que todo o mundo tome consciencia do que pode supor o cesamento da nosa actividade: **se o transporte para, para todo.**